

XULLO 2017

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xullo 2017

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16
VIAXEIROS	11.810.375	1,8%	581.574	-0,5%
NOITES	43.651.610	1,6%	1.247.995	3,7%
ESTADÍA MEDIA	3,70	-0,1%	2,15	4,2%
% OCUPACIÓN	73,14%	0,48	52,96%	2,05
% OCUPACIÓN Fds	77,26%	1,69	58,73%	2,56

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xullo Galicia rexistrou un incremento global da demanda hoteleira -medida en pernoctacións- do 3,7% auspiciado por unha mellora da estadía media –que supera nun 4,2% a cifra do pasado ano- nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable a grandes trazos –nun sentido estrito cae un 0,5%-.
- É o quinto ano consecutivo no que se observa unha mellora dos niveis de demanda hoteleira no mes de xullo. Logo das caídas rexistradas en 2011 e 2012 –por mor do efecto pos-Xacobeo nun contexto de crise- o volume de pernoctacións hoteleiras recupera a senda positiva en 2013 cun incremento do 5,0% que precede ás subas rexistradas nos catro anos posteriores –do 3,7% en xullo de 2014, do 16,5% en 2015, do 10,5% en 2016 e do 3,7% agora en 2017-. Esta dinámica positiva eleva a cifra final a case 1,25 millóns de noites, dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é diferente. O leve descenso deste ano –apenas perceptible- rompe cunha dinámica de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores, concretamente no período 2013-16 deixando a cifra final en preto de 582 mil viaxeiros no conxunto dos establecementos hoteleiros da comunidade.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de preto de tres mil viaxeiros e, pola contra, en case 45 mil novas pernoctacións en relación a xullo de 2016.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente tanto no sentido como na intensidade: sobe a cifra de viaxeiros aloxados nun 1,8% e tamén o volume de pernoctacións, un 1,6% neste caso.
- Esta dinámica positiva vén como consecuencia de promediar comportamentos dispares. Doce son as comunidades autónomas que presentan un comportamento positivo, superando as cifras de xullo do pasado ano. O incremento máis notable sitúase en Madrid onde o volume de pernoctacións sobe nun 9,4%
- Nun segundo grupo, con incrementos equivalentes ou próximos ao 4% interanual, sitúanse algúns destinos do norte peninsular –concretamente Navarra, Aragón, Cantabria e Galicia, esta última co 3,7% interanual-. No lado contrario son as comunidades insulares –Balears e Canarias- as que amosan os crecementos menos intensos –do 1% interanual en ambos casos-.

- Dúas son as comunidades que se manteñen en niveis semellantes aos do pasado ano –Andalucía e a C. Valenciana en particular- e tres as que, pola contra, amosan un comportamento negativo – con descensos do contorno do 1% en Castela A Mancha e A Rioxa e do 3% en Estremadura-.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking difire levemente sendo Murcia e Madrid as comunidades que comparten os incrementos de maior notoriedade –de algo máis do 6% interanual-. Son en total oito os destinos de comportamento positivo, catro os que se manteñen estables e outros catro os que amosan neste caso descensos de diversa intensidade.
- Baleares –con preto de 10,8 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xullo –absorbendo o 24,7% do total estatal-. Tal circunstancia acontecera xa nos pasados meses de maio e xuño e contraponse, sen embargo, ao que viña acontecendo nos catro primeiros do ano cando Canarias lideraba, e con certa distancia, o mercado hoteleiro a nivel estatal.
- Seguen en orde de importancia Cataluña –con 8,4 millóns de pernoctacións-, Canarias –con preto de 6,7 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 6,6 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 3,6 millóns- e Madrid –con algo máis de 2,0 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 87,3% do total da demanda hoteleira de España. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –por segunda vez no que vai de ano- representando o 2,9% do total estatal –a porcentaxe máis elevada das rexistradas neste 2017-.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con descenso do turismo interno e incremento global do receptor.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta unha caída do 5,5% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado por un descenso paralelo da cifra de viaxeiros aloxados –do 4,0% neste caso-. Rómpeuse desta maneira unha senda de crecementos consecutivos nos catro anos anteriores –concretamente no período 2013-16- situando o nivel global en preto de 250 mil noites.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento positivo pois supera nun 3,7% os niveis de demanda do pasado ano –medida en pernoctacións- grazas neste caso ao incremento da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados descende un 2,5%. O crecemento global deste segmento de mercado permite xerar preto de 26 mil novas pernoctacións en relación ao pasado ano e situar o nivel en pouco máis de 722 mil no conxunto da comunidade –cifra que supón un máximo histórico pois nunca antes se superara a barreira das 700 mil noites neste sétimo mes do ano-.
- Desde o punto de vista dinámico o mercado receptor nacional vén amosando unha tendencia positiva desde o 2013, con crecementos continuados de intensidade variable e máis notorios en 2015 e 2016.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta tamén un incremento da demanda en relación ao pasado ano. Supera nun 6,7% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 13,7% o nivel de pernoctacións de xullo de 2016. Este crecemento engádese aos rexistrados nos catro anos anteriores –do 12,6% en 2013, do 12,2% en 2014, do 20,3% en 2015 e do 1,2% en 2016- acumulando, por tanto, cinco anos consecutivos de comportamento positivo neste mes de xullo –dato que confirma neste caso que a temporada alta é tamén –igual que a media- moi favorable ao turismo internacional en Galicia.

- Con esta dinámica o mercado internacional acada neste 2017 máximos históricos de demanda no mes de xullo con 160 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 276 mil noites nos establecementos hoteleiros da comunidade.
- A importancia do turismo internacional en Galicia no mes de xullo vén reflectida polo seu peso no conxunto da demanda. Supón en 2017 o 27,5% dos viaxeiros aloxados e o 22,1% das pernoctacións totais da comunidade –cifras moi importantes que en todo caso quedan por debaixo das rexistradas nos pasados meses de maio de xuño-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento algo dispar da demanda hoteleira, con incrementos en tres das catro provincias galegas –do 4,2% en Lugo, do 4,0% en Ourense e do 6,8% en Pontevedra-. Marca a excepción A Coruña, provincia na que os niveis de demanda se manteñen estables –a pesar do descenso próximo ao 10% interanual da cifra de viaxeiros aloxados-.
- A estadia nos hoteis e pensións de Galicia sobe neste mes de xullo –un 4,2% en particular–situándose en 2,15 noites de media. É o segundo ano consecutivo no que se observa unha mellora da estadia media hoteleira na nosa comunidade neste sétimo mes do ano pasando de 1,9 noites en xullo de 2015 a máis de 2,1 noites agora en 2017 –cifra que en todo caso queda lonxe das que se rexistraban con anterioridade á crise cando se achegaba a 2,4 noites neste primeiro mes do verán.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense en niveis semellantes aos do pasado ano-, circunstancia que permite mellorar os niveis de ocupación do sector –en particular, sobe en algo máis de dous puntos porcentuais para situarse no 53,0% de media-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación hoteleira en Galicia no mes de xullo, circunstancia que coloca o dato de 2017 en máximo histórico.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia sitúase neste caso nunha posición media mellorando a súa situación en relación a meses anteriores –en temporada baixa marca, por exemplo, o nivel de ocupación máis baixo do conxunto do Estado-. Dista iso si da cifra rexistrada en Baleares –destino que lidera o ranking a nivel estatal cun promedio do 90,7%-. A media do conxunto de España sitúase no 73,1%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación mellora en oito comunidades autónomas. Madrid é neste caso o destino que amosa o incremento máis destacado, de catro puntos porcentuais en relación ao pasado ano. En catro destinos mantense estable e en cinco descende en relación a xullo de 2016 –sendo a caída máis intensa en A Ríoxa-.
- As tarifas hoteleiras en Galicia increméntanse neste sétimo mes do ano –un 5,4%- situándose en 62,3 euros de media –a cifra máis elevada no que vai de ano e que supera o nivel rexistrado en A Ríoxa, Castela e León, Estremadura, Aragón e Castela A Mancha-. Baleares é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xullo con 115,4 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –con 106,3 euros-, Andalucía –con 105,6 euros- e o País Vasco –con 99,7 euros-. Estas catro sitúanse por encima da media estatal, que neste queda nos 98,5 euros de media.
- Os prezos hoteleiros soben en boa parte das comunidades autónomas destacando en intensidade Cataluña e Cantabria –ambas cun incremento por encima do 10% interanual-. Mantéñense estables en Estremadura e Aragón e caen soamente en A Ríoxa.

- O incremento das cifras de demanda e dos niveis de ocupación neste mes de xullo, acontecida nun contexto de crecemento dos prezos hoteleiros, ten como consecuencia que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren sensiblemente os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2016 –o RevPAR sobe un 10,6% ata situarse en 34,6 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a sexta cifra máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Baleares –con 105,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xullo. Sitúase por diante das restantes comunidades entre as que destacan Cataluña –con 86,8 euros-, Canarias –con 79,7 euros- e o País Vasco –con 78,5 euros neste caso-. No lado contrario marca o valor máis baixo Castela A Mancha –con menos de 20 euros de media-.
- En termos dinámicos é Navarra o destino onde se rexistra un incremento máis intenso do RevPAR hoteleiro, superando nun 17,0% o valor do pasado ano. Presentan tamén subas importantes Madrid, Cantabria e Cataluña –con porcentaxes iguais ou superiores ao 16% neste caso-.

ACUMULADO A XULLO 2017

Tab. 2. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Xullo 2017

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 17/16	Nº	Var. Int. 17/16
VIAXEIRO S	58.944.839	4,2%	2.369.237	3,2%
NOITES	190.683.430	3,8%	4.467.187	6,5%
ESTADÍA MEDIA	3,23	-0,4%	1,89	3,1%
% OCUPACIÓN	59,6%	2,0	34,6%	2,5

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros sete meses deste ano 2017 Galicia rexistra un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos hoteleiros, do 3,2% en relación ao mesmo período do pasado ano, acadando preto de 2,37 millóns. Sobe tamén o volume de pernoctacións –un 6,5% neste caso– con case 4,47 millóns no conxunto da comunidade.
- O incremento da demanda deste ano engádesse ao rexistrado nos tres anteriores. O volume de pernoctacións sobe un 4,0% nos primeiros sete meses de 2014 –rompendo unha serie de caídas consecutivas nos tres anos anteriores–, e logo un 10,1% en 2015 e un 6,5% en 2016. Son, por tanto, catro anos consecutivos de crecemento no conxunto dos sete primeiros meses do ano, circunstancia que permite achegarse aos 4,5 millóns de pernoctacións neste período –cifra que supón un máximo histórico na nosa comunidade–. Nunca antes se superara a barreira dos 4,3 millóns de pernoctacións no acumulado dos sete primeiros meses do ano.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é parella. O incremento deste ano engádesse ao rexistrado nos catro anteriores neste caso continuando por tanto coa tendencia positiva iniciada nos primeiros sete meses de 2013. Desta maneira, os incrementos consecutivos do 3,5% en 2013, do 6,7% en 2014, do 14,8% en 2015, do 5,8% en 2016 e do 3,2% agora en 2017 elevan a cifra global a preto de 2,4 millóns no conxunto da comunidade, cifra que supón tamén neste caso un máximo histórico en Galicia.
- A nivel estatal obsérvase tamén un comportamento positivo da demanda de similar intensidade: sobe a cifra de viaxeiros aloxados, nun 4,2%, e tamén o nivel de pernoctacións, un 3,8% neste caso.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos incrementos observados en todas as comunidades autónomas, isto é, obsérvase un comportamento homoxéneo a nivel dos distintos territorios do Estado. Neste contexto destacan dúas comunidades –Cantabria e Aragón– por presentar os incrementos máis notables –pois superan nun 8% os niveis do mesmo período do pasado ano–.
- Nun segundo grupo, con incrementos tamén notables próximos ao 8% interanual, sitúanse Madrid e o País Vasco. Así pois, son parte das comunidades do norte peninsular as que lideran o crecemento da demanda hoteleira –en termos relativos– no conxunto do Estado. Neste contexto Galicia ocupa a quinta posición en termos de intensidade participando por tanto do contexto positivo no conxunto de España.

- En termos de viaxeiros aloxados acontece algo semellante. Obsérvase un crecemento xeneralizado que lideran tamén neste caso dous destinos concretos: Aragón e Cantabria.
- Canarias –con máis de 40,5 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período de sete meses –absorbendo o 21,3% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Cataluña –con algo máis de 32,6 millóns-, Baleares –con preto de 32,6 millóns- e Andalucía –con preto de 29,6 millóns-, por diante da C. Valenciana –con 16,3 millóns- e Madrid –con preto de 13,7 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto ao 86,7% do total da demanda hoteleira de España. Galicia ocupa neste período a sétima posición –por vez primeira en 2017- representando o 2,3% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos, con crecementos de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un incremento do 2,8% no volume de pernoctacións hoteleiras auspiciado pola mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 1,2% e unha mellora da estadia media. É o cuarto ano consecutivo no que se observa un comportamento positivo deste segmento nos primeiros sete meses –ao crecemento deste ano hai que engadir a suba rexistrada en 2014, do 1,0%, en 2015, do 3,6%, e en 2016, do 4,9% neste caso-. O resultado global sitúa o nivel de pernoctacións en pouco máis de 1,17 millóns, a cifra máis elevada dos últimos seis anos. En termos de viaxeiros aloxados o mercado interno acada 651 mil neste período, o dato máis elevado desde o 2008.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta tamén un comportamento positivo superando nun 2,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 6,5% o volume de pernoctacións. Este incremento engádese tamén aos rexistrados nos tres anos anteriores –do 3,7% en 2014, do 11,7% en 2015 e do 7,9% en 2016- acumulando por tanto case 2,17 millóns de pernoctacións nos establecementos hoteleiros de Galicia –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.
- Neste período de sete meses o peso do mercado receptor nacional ascende ao 48,5% do total da demanda hoteleira.
- O turismo internacional mantén a senda positiva dos últimos meses e presenta un incremento importante en relación ao pasado ano. Supera nun 6,2% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 10,7% o nivel de pernoctacións do mesmo período de 2016. É o quinto ano consecutivo no que o mercado internacional amosa un comportamento positivo nos primeiros sete meses do ano, con crecementos sostidos que permiten acadar máximos históricos de demanda con preto de 693 mil viaxeiros aloxados e preto de 1,13 millóns de noites nos establecementos hoteleiros de Galicia.
- O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte ao nacional permite ao primeiro gañar cuota de mercado en Galicia e representar xa o 25,2% do total da demanda neste período de sete meses –cifra que tamén supón un máximo histórico na nosa comunidade-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta, isto é, do número de prazas dispoñibles no conxunto de Galicia, o que permite mellorar os niveis de ocupación. En particular, sobe en 2,5 puntos porcentuais ata situarse no 34,6% de media neste período de sete meses –cifra que tamén supón neste caso máximo histórico na comunidade-. Son cinco anos consecutivos de mellora dos niveis de ocupación neste período.